

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2013

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Presentación do facsímile: “Historia universal das fontes minerais de España” de Gómez de Bedoya
Organiza	<ul style="list-style-type: none">• Universidade de Vigo (Depto. de Física Aplicada)• Asociación de Balnearios de Galicia• Grupo Caldaria (balnearios de Arnoia, Laias e Lobios)
Lugar	Balneario de Laias (Cenlle). Ourense

Data **MAÑÁ VENRES, 12 de xullo (ás 13:00 h)**

O balneario de Laias acolle mañá venres a presentación dun facsímile do século XVIII no que se destacan as propiedades salutíferas das augas minerais da comunidade

É unha obra do doutor Gómez de Bedoya, un dos primeiros estudosos da hidroloxía médica

(Vía Láctea Comunicación).- O balneario ourensán de Laias acolle mañá venres, ás 13:00 horas, a presentación do libro “Historia universal das fontes minerais de España. Tomo I”. Trátase dun facsímile da obra do médico Pedro Gómez de Bedoya y Paredes, un dos pioneiros e máis recoñecidos estudosos das augas mineiromedicinais no século XVIII. Recolle os mananciais máis relevantes da época, incluídos os galegos, e as funcións terapéuticas das súas augas.

Esta publicación reedítase debido á súa transcendental aportación aos avances da hidroloxía médica, xa que na actualidade resulta moi difícil atopar algún exemplar da mesma. Nela ponse de manifesto a riqueza do territorio galego en canto á cantidade e calidade das súas augas minerais. O doutor Gómez de Bedoya, que procedía de Madrid, foi o primeiro médico do cabido compostelán e o primeiro catedrático de Cirurxía e Anatomía da Universidade de Santiago.

O encargado de presentar a publicación será o doutor **Luís Rodríguez Míguez**, médico especialista en termalismo. Tamén intervirán **Lourdes Mourelle**, investigadora da Universidade de Vigo; o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**; xunto co director xerente do Grupo Caldaria, **Javier Soto**.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia / www.balneariosdegalicia.com

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es